



Asunto: recurso de reposición contra a Resolución da Universidade de Vigo do 1 de decembro pola que se convoca un proceso selectivo para ingresar como persoal laboral fixo do grupo I, na categoría de técnico/a superior de normalización lingüística, polo sistema de promoción interna e de acceso libre

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), asociación que ten entre os seus fins defender a dignidade das condicións de traballo do persoal técnico de normalización lingüística, con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

RECORRO:

Contra a Resolución do 1 de decembro pola que se convoca un proceso selectivo para ingresar como persoal laboral fixo do grupo I, na categoría de técnico/a superior de normalización lingüística, polo sistema de promoción interna e de acceso libre (resolución da Universidade de Vigo publicada no DOG do 15 de decembro de 2021).

FEITOS:

1. No *Diario Oficial de Galicia* do 15 de decembro de 2021, a Universidade de Vigo publicou as **bases de convocatoria do proceso selectivo para ingresar como persoal laboral fixo do grupo I, na categoría de técnico/a superior de normalización lingüística, polo sistema de promoción interna e de acceso libre**.

2. A CTNL, como entidade que ten entre os seus fins defender os intereses xerais das traballadoras e dos traballadores de normalización lingüística de Galiza e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos, ten interese no desenvolvemento deste proceso selectivo.



3. Na **base 2** establécense, entre outros **requisitos** para participar no proceso selectivo, os **de titulación**: estar en posesión do título de grao, licenciado, arquitecto ou enxeñeiro ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias.

Nesta mesa base 2 non se especifica ningún requisito lingüístico. Os coñecementos lingüísticos veñen citados nas bases 3 e 6, referidas ás solicitudes e ao desenvolvemento dos exercicios. Nelas especificase que o **perfil lingüístico establecido para estas prazas é o certificado oficial de coñecemento de lingua galega do nivel 4 (Celga 4)**, o mesmo ca para calquera outra praza do grupo I que non requira un **especial coñecemento da lingua galega**. Tamén se indica no anexo I, no apartado correspondente á fase de oposición, que a proba de coñecemento de lingua galega forma parte do terceiro exercicio, que é obrigatorio mais non eliminatorio, o que supón que nin sequera se considera propiamente un requisito.

4. Entre as **funcións** da Área de Normalización Lingüística, de acordo coa [páxina web que describe este departamento](#), están:

- Organizar e **impartir cursos de lingua galega** para os membros da comunidade universitaria.
- **Informar e asesorar permanentemente a todos os órganos da universidade no referente ao uso do galego.**
- Propoñer as actuacións que considere máis axeitadas para o proceso de normalización da lingua galega na universidade.
- **Corrixir, por instancia do órgano competente, os documentos e escritos oficiais.**
- Canalizar as relacións con entidades extrauniversitarias relacionadas coa lingua galega.



Algunhas destas funcións forman parte da **área de asesoramento lingüístico**, un dos ámbitos de traballo dos servizos de normalización lingüística que recolleemos no documento “Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais”. Este texto, que incluímos como anexo I, foi pensado para os servizos municipais, mais é aplicable aos servizos de normalización lingüística das universidades e concorda cos [ámbitos de traballo da propia Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo](#): asesoramento, formación e dinamización lingüística, alén de política lingüística.

Para levar a cabo estas funcións de asesoramento e incluso de formación lingüística é insuficiente un certificado de coñecemento da lingua galega do nivel 4. Co fin de afrontar estas funcións é preciso **establecer como requisito das prazas de técnico/a de normalización lingüística un nivel Celga 5** ou unha titulación que xa o inclúa. Trátase de prazas que requiren unha formación especializada en lingua galega, alén doutras capacidades, e non se garante ese coñecemento se se valora de forma equivalente ao de calquera outra praza que non teña que desempeñar funcións deste tipo. De acordo coas actuais bases, pídese o mesmo nivel de coñecemento de lingua galega tanto para as prazas que deben asesorar lingüísticamente coma para as prazas potenciais destinatarias das tarefas de asesoramento.

Por outra parte, as convocatorias de axudas que publican anualmente a [Xunta de Galicia](#) e as [deputacións da Coruña](#) e [Pontevedra](#), dirixidas á creación de servizos de normalización lingüística municipais, inclúen como **requisito de titulación da praza de técnico/a de normalización lingüística**, entre outros, **o coñecemento de lingua do nivel Celga 5** ou titulacións superiores que xa validen este coñecemento.

5. No anexo I da resolución, no apartado correspondente á fase de concurso para o acceso libre, **só se valoran os servizos prestados na Universidade de Vigo na mesma categoría.** Tendo en conta que as funcións nos servizos de normalización lingüística doutras entidades (universidades, administracións locais etc.) son



semellantes ou mesmo idénticas ás da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, consideramos discriminatorio que non se valore o traballo desenvolvido na mesma categoría noutras entidades, coa mesma puntuación ou cunha puntuación razoablemente inferior.

Por todo isto, SOLICITO:

1. Que se modifiquen as bases da convocatoria e se estableza como **requisito** para as prazas de técnico/a de normalización lingüística un nivel de coñecemento da lingua galega do nivel máis alto, é dicir, **Celga 5**.
2. Así mesmo, que no **concurso de méritos** se valore a experiencia laboral en servizos de normalización lingüística doutras entidades, sempre que teñan funcións equivalentes ás da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Pontevedra, 27 de decembro de 2021

Anexo: Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais